




Curso 2021/22

Memoria de actividades

# Biblioteca Escolar

## IES Lamas de Castelo

### (Plambe 2021-2022)





## 1. Introducción

Esta vai ser unha memoria un “pouco diferente” das que levamos feito nestes últimos 4 anos que levamos á fronte da xestión da Biblioteca Escolar (BE). Aparte de facer a enumeración do feito durante o curso, este ano o equipo de biblioteca de 2 profesoras que somos decidimos deixar claro todo o que se fai coas horas de dedicación concedidas. Con isto queremos deixar patente, negro sobre branco, o grande esforzo que se está a facer para manter viva a BE, fomentando a lectura entre o alumnado, ao tempo que coidando de mellorar as competencias lectoras e de AMI... con moita dedicación, esforzo, ilusión... pero tamén recoñecendo o malestar que nos provoca compararnos ou sentirmos comparadas con centros con mellores condicións, máis agora que o curso está no seu punto álxido a nivel de obrigas administrativas, e xa nos vai pillando algo cansadas.

Temos que partir da realidade de que o IES Lamas de Castelo é un moi **pequeno centro educativo do ámbito rural**, suxeito aos recortes de persoal que ordena a Administración, e que curso tras curso nos foi eliminando profesorado, coa acumulación de carga lectiva e de cargos que iso supón.

Así que, poñan o que poñan as [Instrucións anuais sobre a organización e funcionamento BE](#), ou na propia [convocatoria anual do PLAMBE](#) (véñeme á mente o Artigo 10. *Criterios de selección*, no seu punto 6b...) na práctica, para a Inspección Educativa, a BE é o último do último a nivel de concesión de horarios. Iso explica que haxa en moitos centros galegos do PLAMBE non só coordinadores de BE, senón tamén equipos enteiros de BE con 0 horas de dedicación!! Feito que a min persoalmente me ten levado anos atrás a agras discusións con directores e X. Estudos que, diante dos recortes en horario e persoal para o equipo de BE e ante os meus intentos de negociación me teñen argumentado, por exemplo, que «o PLAMBE non se perde», «hai moitos coordinadores de BE con 0 horas de dedicación», ou «un coordinador de BE non pode ter máis horas que un X. Estudos» (comparando 8/9 horas de dedicación fronte a 3!). Quen se pode defender nestas condicións??

## 2. Equipo de BE e horarios de dedicación

- a) **Horarios oficiais:** somos dúas profesoras neste equipo, Renée Huerta Latrille, coordinadora, con 2 horas de dedicación, 1 h de reunión do equipo e tres recreos semanais e M<sup>a</sup> Luz Barreiro Otero, membro do equipo, con 1 h de reunión do equipo e dous recreos. *Observacións:* tralas eleccións ao Consello Escolar, e coa renovación dos representantes do profesorado, a coordinadora de BE deixou de ser a secretaria deste, gañando 1 hora de dedicación á BE.
- b) **Horarios reais:** o tempo reflectido nos nosos horarios non dá para case nada do que finalmente estamos facendo, pois son moitos os ámbitos aos que cómpre atender: xestión, dinamización, formación e a máis pesada e ingrata, a burocracia que todo isto supón, polo que estamos engadindo moitas horas “voluntarias” para dar feito as actividades que se levan a cabo. Como coordinadora, podo afirmar que, sen saír do centro, engado ás actuais 4 horas entre 4 e 6 máis por semana, entre ocios libres e gardas. A miña compañeira, algo menos, debido ás súas cargas lectivas maiores (LG, EDLG, C.E. e titoría). As horas que dedicamos dende as nosas casas? Nin se sabe.

## 3. Organización e xestión


- a) **Protocolos de seguridade e hixiene:** mantivéronse actualizados e flexibles, aplicando todos os cambios de restricións ditadas polo SERGAS. Ver na web: [protocolo BE 2021-22](#).
- b) **Alta de usuarios:** dáse de alta a todo o alumnado e profesorado novo. Tamén 4 novos nais e pais do alumnado, dentro do noso programa [“Familias lectoras”](#). Non se imprimen os carnés, aforrando material.




- c) **Implicación dos departamentos:** Colabórase estreitamente cos departamentos de LG, EDLG, LC, FR e Relixión/ V. Éticos en varias actividades conmemorativas. Ver na web: [18 Outubro](#); [25 Novembro](#); [Día de Rosalía](#)... Implícase a departamentos de ciencias: F-Q/Bioloxía e Matemáticas (un profesor de MAT e a profesora de F-Q, organizadores do Club de Ciencia, son tamén membros do noso [Club de lectura de ciencia](#)), adquirindo todos os libros que pediron e incluíndoos para *Lemos ciencia*. As PTs do centro son usuarias asiduas á BE para o préstamo e membros do Club de lectura de *Feminismo e identidade*.
- d) **Xestión do espazo físico nos andeis:** Retírouse a Gran Enciclopedia Galega, que levaba varios anos sen se utilizar en absoluto, o que nos permitiu darlle un espazo propio ás seccións da CDU 141 (feminismo, igualdade e identidades), 159 (psicoloxía, emocións..) e 17 (ética e moral), e “airear” o resto de seccións do 22 ata o 929, tamén grazas a un grande expurgo feito pola compañeira de equipo BE na sección 82-G (literatura galega).
- e) **Xestión, rexistro e catalogación dos fondos:** Coas nosas 5 horas de dedicación semanal, buscamos diversificar e modernizar a colección, pero sempre incluíndo todas as peticións de profesorado e alumnado, xestionando diversas partidas orzamentarias ([Libro informativo 2021](#), [PLAMBE 2021-22](#) e [Club de Lectura 2022](#)). Neste curso, pasamos dos 11054 rexistros en OpacMeiga declarados na memoria do ano pasado aos [11400 actuais](#), aínda en vías de aumentar ata os 11500 que temos previsto para final do curso (temos varios lotes de libros, CD, e revistas novos pendentes de catalogar).

Visualizamos e comparamos as gráficas das adquisicións a cargo do PLAMBE dos 4 últimos anos:


Tipoloxía do material adquirido - PLAMBE 2018-2019




Tipoloxía do material adquirido: PLAMBE 2019-20



Tipoloxía do material adquirido: PLAMBE 2020-21



Tipoloxía do material adquirido: PLAMBE 2021-22



Nestas gráficas queda patente a evolución na redución do libro de ficción en favor do **informativo**. Observemos o seu crecemento paulatino a través dos 4 últimos cursos: **18,76%** no 2018-19  $\geq$  **18,31%** no 2019-20  $<$  **23%** no 2020-21  $<$  **31%** no 2021-22, só cos orzamentos PLAMBE. Para maior e máis detallada información dos títulos concretos adquiridos este curso dentro del, aconsellamos ver o informe de [Gastos finais PLAMBE 2021-22](#) publicado na páxina da biblioteca (web do centro).

- f) **Ampliación da atención ao público da BE :** aténdese e xestiona o préstamo ao alumnado nos recreos, e ao profesorado que o desexe nas horas de BE; e aínda que a coordinadora non ten horario lectivo os luns pola tarde, abrimos de 16:10 a 17:10 para atender ao préstamo de alumnado e familias lectoras.

#### 4. Actividades desenvolvidas ao longo do curso

##### a) Dinamización e promoción dos recursos da biblioteca:

- **Promocionamos as novidades** entre os usuarios da biblioteca avisando das chegadas de peticións e propoñendo títulos á comunidade e facendo que a miúdo libro recén catalogado= libro prestado. Tamén facendo “*unboxing*” cos lotes de libros novos recibidos ao alumnado/ profesorado interesado, o que soe levar a peticións e reservas antes incluso de catalogalos.
- **Difusión de servizos e actividades da biblioteca:** ver [espazo da biblioteca na páxina web](#) do instituto, remodelado e ampliado este curso con axuda da X. Estudos. Editáronse algunhas recomendacións con folletos na web e en papel... **Porén**, hai menos publicado do desexado pois as horas de dedicación quédansenos curtas, tendo en conta o resto de obrigas docentes e administrativas que temos.
- **Colaboración con outras entidades do concello/ comarca.** Mantemos a colaboración coa librería local, [Chorima](#), de Carnota, e seguimos colaborando co Concello de Carnota (Concellería de Cultura e SNL) no 18O, [Día das Escritoras](#), 25N, no Día de Rosalía e durante as Xornadas Culturais ([Recital de Aldaolado](#); [Charla-obradoiro con Nee Barros](#)). Tamén cos nosos veciños da E.I. A Galiña Azul de Carnota (*Mochila viaxeira*, apadriñamento lector).

 <p>DÍA DAS ESCRITORAS 18 de outubro de 2021</p> <p>I Concurso Escolar de Microrrelatos</p>  <p>I Concurso Escolar de Microrrelatos de Carnota</p>			
	<p>Premios I Concurso Escolar de Microrrelatos (Categorías A e B: alumnado de primaria)</p>	<p>Premios I Concurso Escolar de Microrrelatos (Categorías C e D: alumnado de secundaria)</p>	<p>De esquerda a dereita: Jessica (Chorima), Luísa e Merche (Concello de Carnota) Lecturas públicas na BE 25 de novembro</p>

- Realizáronse as seguintes actividades e exposicións monográficas relacionadas coas datas celebradas dende a nosa biblioteca, e tamén nas aulas:

<p><b>18O (Día das escritoras)</b>  <a href="#">Día Escritoras'21-BIO.pdf</a>  <a href="#">Día Escritoras'21-FQ.pdf</a>  <a href="#">Día Escritoras'21-FR 1ºe2º.pdf</a>  <a href="#">Día Escritoras'21-LC 1ºy2º.pdf</a>  <a href="#">Día Escritoras'21-LC 3ºy4º.pdf</a>  <a href="#">Día Escritoras'21LG.2ºESO.pdf</a>  <a href="#">Día Escritoras'21LG.3ºESO.pdf</a>  <a href="#">Día Escritoras'21LG.4ºESO.pdf</a>  <a href="#">Día Escritoras'21-REL.pdf</a>  <a href="#">Día Escritoras'21-CuCla3º.pdf</a>  <a href="#">Día Escritoras'21-LAT 4º.pdf</a></p>	<p><b>25N (Día internacional contra a violencia contra a muller)</b>  Lecturas públicas na BE nos recreos de 25 e 25/11/2021  <b>Nas aulas:</b>  LC: 1º, 2º, 3º e 4º. Lectura de textos de <a href="#">Emilia Pardo Bazán</a> e <a href="#">@Srta. Bebi</a>  LG: actividades en 2º, 3º e 4º.  Francés: <a href="#">tradución</a>, <a href="#">cancións</a>  Relixión: 3º e 4º.  Valores éticos: 1º e 2º. ITI, 1º e 2º.</p>	<p><b>11 de Febreiro* (Día internacional da muller e a nena na ciencia)</b>  xunto co <b>dpto. de FQ</b>: exposición de libros xunto á entrada do laboratorio.  <b>Día da poesía (24 febreiro):</b>  recital no patio. Participaron os departamentos de LG, LC, FR, EF, REL, ORIENT, TEC, e MAT; tamén o alumnado voluntario. Por primeira vez participa unha nai!</p>
<p><b>8M: Día Internacional da Muller</b>  Lingua castelá: "La carga mental"  REL: (Lectura de <a href="#">noticia</a>).  MAT: <a href="#">carga mental en cifras</a>.  FR: <a href="#">la charge mentale des femmes</a>.</p>	<p><b>17M Letras Galegas: F. Delgado Gurriarán</b>  <a href="#">Concurso "E ti, de quen vés sendo?"</a>,  exposición na BE  <a href="#">Homenaxe a Domingo Villar</a></p>	<p><b>XXCC: Charla "Mar de Lecturas" Encontro con Nee Barros</b>  Presenza nos medios:  O Correo do Barbanza : <a href="#">Coloquio con Nee Barros en Carnota</a>  <a href="#">Que Pasa Na Costa</a></p>
<p><b>Abril 2022: Día do Libro:</b> IV concurso de adiviñas (Títulos literarios en emoticonas).</p>		



- **Encontros con autores.** Este curso, dentro das Xornadas Culturais do centro, e a raíz da actividade do club de lectura de **Feminismo e identidade**, contactamos con [Nee Barros](#), autor do que lemos o libro [Identidade](#), para charlar e intercambiar opinións con ele. O encontro tivo lugar no Salón de Plenos do Concello de Carnota.




Charla con Nee Barros.



Nee e o Club de Lectura de Feminismo e identidade



Nee Barros fala con todo o alumnado do IES



Sinatura de libros

## b) Integración no tratamento do currículo

Por primeira vez, dende que levo como coordinadora da BE (dende o curso 2017-18), atendeuse á miña petición de revisión do Proxecto Lector, que levaba sen tocar dende o curso 2011-12... cumpriu que o equipo directivo cambiara dúas veces, e que chegara un X. Estudos alleo ao centro para seren escoitados. Tamén que se me permitira revisar e actualizar as normas da biblioteca ou que sinxelamente, se incluíra o [logo da Asesoría de Bibliotecas Escolares na páxina de inicio do centro!!](#)

- **PFPP Proxecto Lector de Centro.** Organizouse un grupo de traballo de 20 horas para actualizar o Proxecto Lector do centro, no que participamos as dúas profesoras do equipo de biblioteca, así como o xefe de estudos e a profesora de relixión. Esta actividade supuxo moitas horas de dedicación en horario que non forma parte do noso horario semanal, en xornadas de tarde (presenciais) pero tamén en horas de traballo na casa, lendo documentación, comparando, aprendendo doutros centos e doutras experiencias... para finalmente redactar, primeiro un borrador, e logo unha versión definitiva do PLC, que foi aprobada en Claustro e Consello Escolar os pasado 25 e 26 de maio de 2022.
- **Actividades en colaboración con Actividades Extraescolares, EDLG, e dptos. para o Plan Anual de Lectura.** Cumprimos abondo con este obxectivo, tendo en conta a escaseza de horas do equipo de BE para xestionalo absolutamente todo. (Ver documento **Resumo actividades anuais Biblioteca Escolar 2021-22.pdf** incluído na selección de materiais).

## c) Formación de usuarios e adquisición da competencia informacional

Centrámonos na formación de usuarios de 1ºESO, aproveitando as materias de ITI e Valores Éticos, impartidas pola coordinadora na propia Biblioteca.

## d) Avances cara unha biblioteca inclusiva

- **Apadriñamentos lectores.** Fixéronse dous tipos de apadriñamento: a) co alumno da aula de EE, entre a 1ª e a 2ª avaliación co alumnado durante as sesións de ITI de 1ºA, buscando de non interferir demasiado co traballo da materia, pois tan só temos unha sesión á semana; e b) [apadriñamentos lectores](#) cos nosos veciños da E.I. A Galiña Azul (gardería), fíxose un único apadriñamento, aproveitando a relaxación das medidas de seguridade e hixiene, durante as Xornadas Culturais: venres, 20 de maio e 2022, a 4ª hora (11:40 a 12:30), cos 2 alumna/o de V. Éticos de 1ºESO. Para ambos apadriñamentos, colleuse [material en préstamo da Biblioteca Escolar](#).
- **Programa “Familia e lecturas”.** Este ano solicitamos participar no programa “Familia e lecturas” cunha dobre finalidade: **a)** por un lado, *agarrarnos a unha convocatoria oficial da Xunta* para xustificar a entrada e participación de pais, nas e familiares do noso alumnado na BE e as súas actividades; e **b)** por outro, para enganchar as familias coa axuda do orzamento deste programa. Porén, tendo en conta que ao chamamento lanzado a través de Abalar a todos as nais/ pais/ titores do alumnado do centro tan só respondeu coa súa asistencia... *1 única nai!!* finalmente atopamos que non podiamos atender a todo o que xa viñamos facendo e, tristemente, tivemos que renunciar. Sabemos que é penalizable, polo feito de comprometermos a algo e impedir que puidese entrar outro centro no noso lugar, pero realmente fomos incapaces de asumir tanto traballo, por falta de tempo real para dedicarlle. E sería de moita utilidade que a Inspección Educativa e os equipos directivos comprenderan finalmente a importancia da concesión de horarios e profesorado no correcto funcionamento da BE.



## 5. **Avaliación das actividades desenvolvidas e funcionamento da propia biblioteca.**

Este ano non pasamos as enquisas oficiais do blogue das Bibliotecas Escolares ao alumnado a través das titorías dada a sobrecarga de traballo das nosas materias das 2 profesoras do equipo de BE, neste curso tan... atípico. Porén, pasáronse outras, de valoración de actividades organizadas dende a BE ("Libro-amigo invisible" do 21 de abril e charla con Nee Barros, do Club de Lectura) e uso real da biblioteca por parte do profesorado dos diferentes departamentos e materias... e non demos para máis.

Este curso tivemos que asumir un cambio de directrices na avaliación que supuxo moito traballo e maior burocracia a todos os niveis: revisión das programacións didácticas, axustes e temporalización da dobre avaliación en xuño... Se lle sumamos a todo isto que a profesora responsable da biblioteca ten que asumir a parte burocrática do PFPP, a memoria do Plambe, documentación do Voluntariado BE, memoria do Club de Lectura... e a outra profesora do equipo ademais é titora de 3º de ESO e coordinadora do EDLG, é facilmente entendible que nos sexamos capaces de facer todo.

### a) **Valoración da implicación e participación da comunidade educativa nas propostas da biblioteca escolar:**

- 1. Alumnado:** se ben é certo que non todo o alumnado pasa por, e utiliza a biblioteca do centro, isto compénsao aquel alumnado que está a diario nela, agardando con impaciencia a que abra no recreo. Tamén é destacable que non faga falla convocar ao alumnado para inscribirse no programa de Voluntariado na BE: xa se propoñen eles dende principios de curso. A valoración nas enquisas pasadas das actividades foi
- 2. Profesorado:** cómpre recoñecer que dentro do conxunto do claustro, hai profesorado que non utiliza/ visita nunca a Biblioteca Escolar. Pero tamén hai outro que a atopa imprescindible. Como mostra, reproduzo aquí a opinión enviada polo correo electrónico dunha das PT que temos no centro:  
*«Nunca atopei, nos meus poucos anos traballados, unha biblioteca tan completa e inclusiva, un dos praceres máis grandes de estar este curso aquí, foi poder mergullarse e descubrir libros increíbles. Tamén dar as grazas á profesionalidade das bibliotecarias, teñen a capacidade de buscarche xusto o que ti precisas! Marabilloso! Noraboa!»*
- 3. Equipo directivo:** Este ano foi "atípico": tendo en conta a nosa situación *anómala* (levamos todo o ano sen dirección), tivemos a sorte de que viñera un X. Estudos alleo ao centro que foi o que permitiu moitas das accións que fixemos, o que nestes últimos 5 anos non se puidera. Isto inclúe: revisar o PLC, as normas da biblioteca, participar en lecturas públicas organizadas polo Concello de Carnota (23 de febreiro, Día de Rosalía), poder dar entrada aos familiares (pais e nais) á BE para participar no noso recital de poesía e tamén, en ocasións concretas, para que asistiran algunha tarde e coñecer a biblioteca e os seus fondos, darse de alta como usuarios e levar material en préstamo... Ou tamén, que se nos permitira pedir axuda a un asesor da ABE para enfrontarmos ao proceso de revisión do PLC.
- 4. Familias:** ata agora nunca tiveron acceso directo á biblioteca e as súas actividades (ver mención máis arriba ao programa "Familia e lecturas" no apartado 4d)... Porén, no relativo as autorizacións para a participación de alumnado no **Voluntariado** e o **Apadriñamento lector**, sempre se amosan colaboradores. Empeza a haber algo máis de canle de comunicación grazas ao programa "Familias lectoras", que este curso multiplicou por 5 os usuarios dados de alta.

## 6. **Previsións de futuro**

Necesitamos horas marcadas no noso horario, co recoñecemento por parte da Inspección educativa: horas reais de dedicación, que cubran a cantidade de traballo obrigatorio a nivel administrativo (xestión de fondos, catalogación, xustificación de partidas orzamentarias...) e organización de actividades. Tamén necesitamos de persoas (recursos humanos) cunha disposición tamén "real" reflectida no horario do centro. Cousa que vemos difícil, dada a tendencia a extinguir o persoal docente nos centros pequenos e rurais, como o noso.



## 7. Persoa designada como responsable. Equipo de apoio. Horario previsto.

Persoa responsable: Reneé Huerta Latrille. Equipo de apoio: seguirá contando con M<sup>a</sup> Luz Barreiro Otero.

Horario mínimo previsto: apertura durante todos os recreos da semana, e atención durante as horas de dedicación específica da coordinadora. Posibilidade de ampliación da atención se hai membros do equipo con dedicación horaria dispoñible.

Cumpriría a inclusión de novos membros e/ ou un aumento do número de horas do equipo actual, pois tal e como se di cada ano na [convocatoria](#), **“Os equipos directivos dos centros, atendendo á normativa vixente, considerarán o funcionamento da biblioteca escolar como unha das necesidades organizativas do centro”,** e cómpre procurar que a biblioteca **“esteá aberta, e atendida pola persoa responsable ou por integrantes do equipo de apoio a totalidade do tempo lectivo”**. Ademais **“os equipos directivos dos centros, [...] terán en conta esta circunstancia á hora da distribución horaria de comezo de curso.”** E tamén na [convocatoria](#), no Artigo 10. *Criterios de selección*: (no referente ao horario destinado á atención da biblioteca) **«– En educación secundaria: de 5 horas semanais a menos de 7 horas, 1 punto»** [...].

Carnota, 9 xuño de 2022

A coordinadora da biblioteca

O X. Estudos do IES Lamas de Castelo

Asdo.: Renée Huerta Latrille

Asdo.: Iván Díaz Villaverde